

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 8 de novembro de 2018 apróbanse as convocatorias e Bases para a selección de monitores, co obxecto de impartir os módulos dos cursos de “Creación e xestión de microempresas” e “Marketing e compravenda internacional”, mediante Decretos n° 2018-2986, n° 2018-2987, n° 2018-2988, n° 2018-2989, n° 2018-2990, n° 2018-2991, n° 2018-2992 e n° 2018-2993, sendo publicadas no BOPPO n° 220 de data 15 de novembro de 2018 e BOPPO n° 228 de data 27 de novembro de 2018, concedendo un prazo de 5 días para a presentación de instancias a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOPPO.

Visto que con data 29 de novembro de 2018, o director do Centro de Desenvolvemento Local, Manuel Martínez Pérez, emite informe no que se recolle o seguinte literal:

“ASUNTO: SELECCIÓN DE CANDIDATOS ALUMNOS AFD 2018-19

En relación ao asunto de referencia, comunícolle que unha vez feitas as solicitudes de candidatos para os cursos de Xestión de Microempresas e Mercadotecnia-Venda Internacional, perante o servizo público de emprego en data 02.11.2018 e convocatoria pública aberta en data 23.11.2018, non se obtivo o número mínimo de 10 candidatos, para o inicio da actividade en cada unha das especialidades, polo que non se poden impartir as mesmas.”

En base ao anteriormente exposto e de conformidade coas competencias establecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

1.- Deixar sen efecto os Decretos n° 2018-2986, n° 2018-2987, n° 2018-2988, n° 2018-2989, n° 2018-2990, n° 2018-2991, n° 2018-2992, n° 2018-2993, de data 8 de novembro de 2018, en virtude dos cales se aprobaban as convocatorias e Bases para a selección dos monitores dos cursos de “Creación e xestión de microempresas” e “Marketing e compravenda internacional”, as cales de seguida se relacionan, visto que non se acadou o número mínimo de candidatos-alumnos para poder levar a cabo os cursos:

- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN MONITOR CURSO CREACIÓN E XESTIÓN DE MICROEMPRESAS, A TRAVÉS DUN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO: MÓDULOS MF1788_3, MF1789_3, MF1790_3, MF1791_3, MP0385.
- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN MONITOR CURSO CREACIÓN E XESTIÓN DE MICROEMPRESAS, A TRAVÉS DUN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO: MÓDULO MF1792_2 XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN PEQUENOS NEGOCIOS.

- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN MONITOR CURSO MARKETING E COMPRAVENDA INTERNACIONAL, A TRAVÉS DUN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO: MÓDULOS MF 1007_3, MF1008_3, MF1009_3,MP0378.
- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN MONITOR CURSO MARKETING E COMPRAVENDA INTERNACIONAL, A TRAVÉS DUN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO: MÓDULO MF1010_3 INGLÉS PROFESIONAL PARA COMERCIO INTERNACIONAL
- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN MONITOR CURSO MARKETING E COMPRAVENDA INTERNACIONAL, A TRAVÉS DUN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO: MÓDULO MF1011_3 FRANCÉS PROFESIONAL PARA COMERCIO INTERNACIONAL
- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN MONITOR CURSO MARKETING E COMPRAVENDA INTERNACIONAL, A TRAVÉS DUN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO: MÓDULO FCOXXX02 CREACIÓN DE EMPRESAS
- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN MONITOR CURSOS MARKETING E COMPRAVENDA INTERNACIONAL E CREACIÓN E XESTIÓN DE MICROEMPRESAS, A TRAVÉS DUN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO: MÓDULO FCOXXX24 FORMACIÓN PARA A IGUALDADE
- BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN MONITOR CURSOS MARKETING E COMPRAVENDA INTERNACIONAL E CREACIÓN E XESTIÓN DE MICROEMPRESAS, A TRAVÉS DUN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO: MÓDULO FCO003 INSERCIÓN LABORAL, SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL E NA IGUALDADE DE XÉNERO

2.- Publicar o presente acordo na páxina web, www.ponteareas.gal, apartado de Oferta de emprego público, taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello.

RECURSO.- Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado electronicamente.

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez